

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE SETEMBRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para a adquisición e rehabilitación da Casa Maseda como oficina de información turística, por un importe total de oitocentos setenta e sete mil setenta e sete euros con vinte céntimos (877.077,20€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2026-2030. Importe do orzamento: catro millóns cincocentos once mil cincocentos noventa e sete euros con oitenta e oito céntimos (4.511.597,88€). Valor estimado total: dezaseis millóns douscentos sesenta e sete mil setecentos oitenta euros con oitenta céntimos (16.267.780,80€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do desenvolvemento do Plan mineiro de Galicia no relativo á investigación e explotación de recursos minerais críticos e metálicos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación das obras de construción dun edificio para 60 aloxamentos compartidos de promoción pública (VPP), espazos comúns, garaxes e rochos na avenida de Xoán XXIII, esquina Costa Nova de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de licitación de sete millóns douscentos noventa mil catrocentos cincuenta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (7.290.454,85 €), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns seiscentos vinte e sete mil seiscentos oitenta e seis euros con vinte e tres céntimos (6.627.686,23 €), IVE excluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de catéteres vasculares, arteriais e dispositivos de monitorización invasiva con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de seis millóns setecentos sesenta e catro mil cincocentos dous euros con catro céntimos (6.764.502,04 €) IVE incluído, e un valor estimado de dez millóns oitocentos trinta e seis mil douscentos sesenta e catro euros con trinta e sete céntimos, sen IVE (10.836.264,37 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba someter a consulta do Consello Forestal de Galicia o Anteproxecto de Lei de loita contra os incendios forestais de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o Marco galego para o impulso educativo.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a renovación e evolución do posto dixital da Rede de oficinas rurais da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de construción: glorietta na intersección das estradas LU-862 e LU-539 en Viveiro, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de novecentos corenta e oito mil trescentos dez euros con sesenta e un céntimos (948.310,61 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto da RCP Na Aula.
- Informe sobre a ampliación do programa galego de detección precoz de cancro de cérvix (PGDPCCX) con VPH-AR como proba primaria ao grupo de idade 25-34 anos.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2026 para o impulso da innovación e a sustentabilidade do comercio local e artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a seguridade nos centros museísticos. Estratexias contra as novas delincuencias nos museos de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria de axudas de carácter compensatorio aos acuicultores pola suspensión das actividades de colleita de moluscos cultivados durante o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE RIBADEO COLABORAN NA ADQUISIÓN E REHABILITACIÓN DA CASA MASEDA PARA CONVERTELA NA NOVA OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

Turismo de Galicia achegará case 900.000 euros a esta actuación que pon en valor o patrimonio local para o seu aproveitamento turístico

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para recuperar e poñer en valor o patrimonio do municipio. En concreto, o acordo permitirá a adquisición e rehabilitación integral da Casa Maseda co obxectivo de convertela na nova Oficina de Información Turística da localidade.

Coa posta en marcha desta iniciativa, a Xunta e o Concello de Ribadeo buscan mellorar a atención que reciben os miles de visitantes e peregrinos que acolle este municipio cada ano. Ao mesmo tempo, búscase garantir a conservación e o mantemento dun ben de gran interese patrimonial, adaptándoo ás necesidades actuais de dinamización turística e cultural. Turismo de Galicia destina a esta actuación un total de 877.077,20 euros, distribuídos en dúas anualidades, este 2026 e o vindeiro 2027.

A Casa Maseda é unha edificación de interese histórico construída en 1880 e situada en plena praza de España. O seu nome está estreitamente vinculado ao establecemento comercial que aloxou durante décadas na súa planta baixa. O inmoble responde á tipoloxía tradicional do núcleo urbano de Ribadeo, cun deseño compacto distribuído en dúas plantas sobre rasante e un espazo baixo cuberta.

A futura Oficina de Información Turística non só funcionará como un punto de atención ao visitante, senón que se concibe como un centro polivalente. Concretamente, a planta baixa acollerá o espazo destinado ao servizo de información, mentres que na planta primeira localízanse dúas salas que poderán funcionar de xeito independente ou conxunto para acoller charlas, proxeccións e actividades expositivas e divulgativas, aproveitando a luz natural que achegan as mansardas e as galerías da cuberta.

Respecto pola identidade e accesibilidade

A intervención arquitectónica guiarase por un criterio de mínima intervención e máxima integración na fachada. Conservaranse intactos os muros de cantaría perimetrais e interiores, así como a tipoloxía da estrutura tradicional de madeira. O escudo catalogado e protexido que preside a fachada será preservado expresamente como sinal de identidade do edificio.

Finalmente, as obras garantirán a total autonomía do edificio respecto ás vivendas lindeiras e asegurárase a accesibilidade universal a todos os niveis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA UNIDADE ESPECIALIZADA NA ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E ENFERMIDADE MENTAL NA RESIDENCIA DE BÓVEDA

- O novo servizo disporá de 24 prazas e porase en marcha mediante un concerto social
- Destinaranse 4,5 millóns de euros durante os vindeiros catro anos ao financiamento destas prazas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria, a través da figura do concerto social, de 24 novas prazas de atención á discapacidade especificamente dirixidas a persoas con patoloxía dual, isto é: persoas con discapacidade intelectual e doenza mental. O obxectivo é reforzar os coidados especializados neste ámbito coa creación dunha nova unidade na residencia de Bóveda.

O investimento nestas novas prazas é de 4,5 millóns de euros nos vindeiros catro anos, ata o 2030. Este concerto poderá renovarse ata acadar unha vixencia máxima de 10 anos. Este recurso permitirá dar unha atención especializada, integral e acorde coas necesidades de cada residente, co fin de mellorar o seu benestar e calidade de vida.

Na actualidade, a Xunta financia na residencia de atención á discapacidade de Bóveda 114 prazas, todas elas para persoas con discapacidade intelectual. Con esta medida, contribúese a consolidar a rede pública de prazas residenciais neste ámbito, favorecendo o benestar destas persoas e o respiro familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ABRE O CONCURSO DE 153 DEREITOS MINEIROS NO QUE EXIRÁ ÁS EMPRESAS QUE DEIXEN O MAIOR RETORNO ECONÓMICO NO TERRITORIO

- Salienta que se convocan 126 permisos de investigación e 27 concesións de explotación en xacementos xa existentes
- Lembra que Galicia conta con “18 das 34 materias primas cualificadas como críticas pola UE” coma o litio ou o volframio
- O concurso incluírá unha superficie de 200.000 hectáreas, “dez veces máis que a que se convocou o pasado ano”
- Destaca que a principal novidade é que os proxectos deberán incluír un plan social que acredite o seu impacto positivo na contorna á hora de xerar emprego e riqueza
- Nas concesións de explotación, o 65 % da valoración das propostas corresponderá a criterios socioeconómicos e ambientais, por riba do peso outorgado aos criterios exclusivamente mineiros

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai “sacar a concurso 153 dereitos mineiros caducados nas catro provincias”, onde os criterios sociais, económicos e ambientais serán determinantes. Deste xeito, a Xunta reforza a súa aposta por unha minaría vinculada á industria, á innovación e á creación de valor coa posta en marcha da segunda fase do Plan mineiro de Galicia para a investigación e explotación de recursos minerais críticos e metálicos.

A convocatoria supón un importante avance, xa que, tal e como explicou o presidente, incluírá “unha superficie de 200.000 hectáreas, o que supón dez veces máis que a que se convocou o ano pasado” e ademais, saen a concurso dereitos para proxectos de investigación de novos recursos e para o aproveitamento de xacementos con reservas xa acreditadas.

En concreto, o concurso inclúe 126 permisos de investigación e 27 concesións de explotación. Os primeiros permitirán estudar o potencial do subsolo galego e determinar a existencia e características dos recursos minerais presentes en cada zona; as segundas permitirán o aproveitamento de xacementos cuxas reservas xa están acreditadas, sempre que os proxectos cumpran cos requisitos técnicos, ambientais e administrativos establecidos. Unha vez que se publique a convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* (BOE), as empresas interesadas disporán de dous meses para presentar as súas solicitudes.

Trátase de recursos relevantes para a industria do século XXI. O litio, por exemplo, é esencial para a fabricación de baterías; o volframio emprégase en ferramentas, aliaxes e aplicacións industriais de alta resistencia; o estaño ten un papel destacado na electrónica, e o cuarzo, o caolín ou a arxila son fundamentais para sectores como a construción. Nesta liña, Rueda lembrou ademais que “o territorio galego conta con 18

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das 34 materias primas cualificadas como críticas pola UE”, uns recursos cuxo valor potencial podería alcanzar os 45.000 millóns de euros.

Minaría que debe deixar riqueza aos veciños

A Xunta considera que Galicia debe aproveitar o potencial dos seus recursos naturais desde unha perspectiva vinculada á industria, á innovación e á creación de valor, especialmente nun contexto internacional en que o acceso a determinadas materias primas é cada vez máis relevante para a competitividade das economías europeas.

Por iso, o obxectivo da convocatoria vai máis alá de facilitar o aproveitamento dos recursos minerais. “Queremos garantías de que os novos proxectos mineiros terán un impacto positivo na contorna”, indicou o presidente. O obxectivo é que os proxectos que se desenvolvan en Galicia xeren riqueza e oportunidades nos territorios en que se implantan, de maneira que a actividade mineira se traduza en emprego, investimento e actividade económica local.

Por este motivo, “unha das grandes novidades” deste concurso é que as empresas que resulten adxudicatarias deberán presentar plans sociais e compromisos concretos para incrementar o impacto positivo dos proxectos nas zonas de implantación. Entre os aspectos que se valorarán estarán a creación de emprego, a mobilización de investimento, a contratación de empresas e provedores locais, a xeración de actividade económica e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico das áreas afectadas. Así, o 65 % da valoración das propostas nas concesións de explotación, os dereitos de maior interese corresponderá a criterios socioeconómicos e ambientais, fronte ao peso dos criterios especificamente mineiros.

Neste suposto das concesións de explotacións, exiximos o compromiso de achega económica anual para o seu despregamento, cunha contía mínima do 5 % do EBIT (beneficios antes de xuros e impostos), valorándose unha maior contribución co obxectivo de que nalgúns casos poida superar o 8 %.

126 dereitos de investigación nas catro provincias

Os 126 permisos de investigación distribúense entre as catro provincias e permitirán avanzar no coñecemento do potencial mineiro do territorio. Pontevedra concentrará 66 permisos de investigación; A Coruña contará con 29; Lugo, con 21, e Ourense, con 10. En total, os permisos abranguen unha superficie de 200.244,89 hectáreas, dez veces superior á incluída no concurso convocado en 2025.

A natureza dos recursos que poderán ser obxecto de investigación varía en función das características xeolóxicas. Así, en Lugo poderán investigarse, entre outros, indicios de cobre, ouro, chumbo ou zinc; en Ourense, de coltán, volframio, litio ou estaño; en Pontevedra, de litio, volframio ou estaño, e na Coruña, ademais de volframio e estaño, existen indicios de cuarzo, lignito ou serpentina.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A investigación permitirá determinar o potencial destes recursos e, de ser o caso, valorar a súa explotación. Así, as empresas poderán solicitar inicialmente un permiso de investigación para estudar o subsolo. Deste xeito, a autorización para investigar non supón automaticamente a apertura dunha explotación mineira, senón que constitúe unha fase previa destinada a coñecer con precisión os recursos existentes e a súa viabilidade.

27 concesións de explotación para aproveitar reservas acreditadas

A convocatoria inclúe tamén 27 concesións de explotación, todas na provincia da Coruña. Trátase de dereitos vinculados a xacementos con reservas acreditadas e que permitirán avanzar no seu aproveitamento, sempre sometido ao cumprimento das correspondentes exixencias técnicas e ambientais.

En San Fins, saíran a concurso 21 dereitos para o aproveitamento de reservas de volframio e estaño; en Santa Comba, dous vinculados tamén a estes dous minerais; en Corcoesto, tres para o aproveitamento de ouro e Mesón Uno, un dereito para caolín, cuarzo e arxila.

Con esta combinación de permisos de investigación e concesións de explotación, a Xunta pretende avanzar tanto no coñecemento dos recursos existentes no subsolo galego como no aproveitamento daqueles xacementos que presentan xa reservas acreditadas, sempre desde unha perspectiva de sustentabilidade, seguridade, innovación e creación de valor.

Intelixencia artificial ao servizo da minaría

Seguindo a folia de ruta da Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, o Goberno galego aspira a converter o sector mineiro nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industrial e para garantir que os procesos de transición ecolóxica e dixital dispoñan de recursos minerais autóctonos obtidos de maneira responsable.

Neste camiño, a Consellería de Economía e Industria acometeu melloras no visor de dereitos mineiros coa incorporación de novas funcionalidades, entre elas unha ferramenta baseada na intelixencia artificial con capacidade predictiva e un sistema de consulta de vértices.

A nova ferramenta permitirá aos solicitantes delimitar con maior precisión os dereitos mineiros e facilitará a elaboración dun informe coas coordenadas da zona seleccionada para a súa incorporación á correspondente solicitude.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONCELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR PRETO DE 7,3 M€ DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 60 ALOXAMENTOS COMPARTIDOS PARA MENORES DE 36 ANOS EN SANTIAGO

- Construíranse nunha parcela, na rúa Xoán XXIII, propiedade do IGVS
- Trátase da terceira obra deste tipo de aloxamentos que se licita neste ano, despois dos 80 aloxamentos en Vigo licitados en xullo, e dos 50 en Lugo licitados a semana pasada
- O edificio disporá de dúas plantas de soto e planta baixa, que actuarán como zócolo do conxunto, por riba do cal se erguerán dous corpos independentes de 5 e 4 plantas altas, respectivamente
- Os inmobles contan con tres salas de uso flexible por parte de todos os residentes, así como lavandaría e tendedeira comunitaria
- A meirande parte dos aloxamentos (54) contarán cun dormitorio, espazo de salón-cociña, e baño, seis disporán dun segundo dormitorio e proxéctanse dous aloxamentos adaptados a persoas con mobilidade reducida e dúas prazas de garaxe tamén adaptadas
- O Goberno galego continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque público de vivenda ao remate de 2028, tendo neste momento en Santiago 434 vivendas de promoción pública en execución, incluídos estes aloxamentos compartidos

O Consello da Xunta autorizou a próxima licitación do contrato de execución das obras de construción de 60 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos en Santiago de Compostela, na parcela situada na rúa Xoán XXIII, propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Está é a terceira obra de aloxamentos compartidos que se licita, despois de que a finais de xullo se licitase a de 80 aloxamentos en Vigo e a semana pasada os 50 aloxamentos de Lugo. Tamén están previstos 150 aloxamentos compartidos na Coruña (Elviña)

O importe de licitación do contrato dos aloxamentos compartidos de Lugo será de 7.290.454,85 euros.

O proxecto foi redactado polos arquitectos José Valladares Durán, Marcial Rodríguez Rodríguez, Alberto Redondo Porto, Martín de Cominges Carvallo e José Javier Villacé Rodríguez (Villacé y Cominges SLP + RVR Arquitectos, UTE Xoán XXIII). Adxudicado por 262.570,00 euros.

O edificio consta de dúas plantas de soto e planta baixa, que actúan como zócolo do conxunto, por riba do que se erguen dous corpos independentes de 5 e 4 plantas altas respectivamente.

O corpo de maior lonxitude e altura, o bloque 1, paralelo á avenida de Xoán XXIII, mantén a escala dos edificios públicos adxacentes, e resólvese con dous núcleos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunicacións nos seus extremos. O segundo bloque, de menor tamaño, presenta un único núcleo de comunicacións, e actúa como elemento de peche edificado da ringleira de vivendas tradicionais entre medianeiras que descende pola rúa Costa Nova.

Os inmobles contan con tres salas de uso flexible por parte de todos os residentes, así como lavandaría e tendedeira comunitaria.

A meirande parte dos aloxamentos (54) contan cun dormitorio, espazo de salón-cociña, e baño. Seis dos aloxamentos manteñen o mesmo programa, pero cun segundo dormitorio.

Proxéctanse dous aloxamentos adaptados a persoas con mobilidade reducida e dúas prazas de garaxe tamén adaptadas.

Xestión

A xestión dos aloxamentos, unha vez construídos, corresponderá á dirección xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Con esta promoción a Xunta continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque público de vivenda ao remate de 2028. En Santiago a Xunta ten en execución 434 vivendas de promoción pública, incluídos estes aloxamentos compartidos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 6,7 M€ NA COMPRA DE CATÉTERES VASCULARES, ARTERIAIS E DISPOSITIVOS DE MONITORIZACIÓN INVASIVA CON DESTINO ÁS ÁREAS SANITARIAS DO SERGAS

- O Servizo Galego de Saúde impulsa a primeira compra centralizada deste tipo de material co obxectivo de acadar un aforro total de 1,1 millón de euros durante os tres anos de vixencia inicial do contrato máis os dous de posibles prórrogas
- O número de unidades anuais que se mercarán, tendo en conta o histórico de consumos do Servizo Galego de Saúde, acadará as case 46.000
- Os catéteres resultan imprescindibles para a realización de procedementos diagnósticos e terapéuticos habituais

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por un importe de 6.764.502 euros e un período inicial de tres anos, a contratación da subministración sucesiva de catéteres vasculares, arteriais e dispositivos de monitorización invasiva con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O valor estimado da contratación, atendendo ás posibles prórrogas por outros dous anos máis, ascende a 10.836.264 euros.

O número de unidades anuais que se adquirirán de catéteres vasculares, arteriais e dispositivos de monitorización invasiva, tendo en conta o histórico de consumos do Servizo Galego de Saúde, acadará as case 46.000.

Aforro superior ao millón de euros

É a primeira vez que este tipo de material vai ser adquirido mediante unha contratación centralizada, polo tanto, esta licitación global supón un paso máis na materialización dos plans de compras integradas do departamento sanitario galego.

O aforro previsto con esta compra centralizada é de 228.518 euros anuais. Así, no conxunto dos tres anos do contrato e coas posibles prórrogas por 24 meses máis, o aforro podería superar os 1,1 M€.

Os catéteres obxecto deste expediente resultan imprescindibles para a realización de procedementos diagnósticos e terapéuticos habituais, tales como o acceso venoso central e periférico a curto, medio e longo prazo, a administración de tratamentos intravenosos complexos (nutrición parenteral, quimioterapia, fármacos irritantes ou vesicantes), a monitorización hemodinámica invasiva, a estimulación cardíaca temporal, o apoio circulatorio, así como a monitorización intracranial e intrauterina, entre outros.

A dispoñibilidade deste material é, polo tanto, crítica para garantir a continuidade asistencial, a seguridade do paciente e a calidade da atención prestada, tendo presente os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e sustentabilidade económica das prestacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A elevada heteroxeneidade de indicacións clínicas, perfís de pacientes (adultos, pediátricos e neonatais) e contornas asistenciais, fai necesario dispoñer dunha ampla gama de catéteres e equipamentos asociados, con distintas configuracións técnicas, lonxitudes, calibres, materiais e sistemas de seguridade. Así mesmo, a evolución tecnolóxica neste ámbito contribúe a mellorar os resultados clínicos, reducir complicacións e optimizar o uso de recursos diagnósticos complementarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A FUTURA LEI DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS PRIORIZARÁ A PROTECCION DA POBOACIÓN E UNHA XESTION ESTRATÉXICA DO TERRITORIO

- O Goberno galego analiza o texto que mañá será remitido ao Consello Forestal de Galicia
- Salienta que se vai pasar “dun modelo de prevención homoxéneo en toda a comunidade” a implantar “medidas diferentes, segundo o nivel de risco da zona”
- A conselleira do Medio Rural destaca que o anteproxecto introduce melloras substanciais tanto “na protección da poboación e os seus bens como na operatividade dos servizos de extinción”
- A nova norma aposta por unha prevención baseada no risco, a vulnerabilidade, a estrutura do territorio, a diversificación das masas forestais, a xestión da paisaxe, a autoprotección e a creación de discontinuidades estratéxicas do combustible
- Introduce novos conceptos, caso da interface urbano-forestal como terreo urbano. Urbanizable ou de núcleo rural, lindeiro cos terreos agroforestais, onde será obrigatorio ter limpo e rozado
- Establécese a posibilidade de duplicar as distancias de xestión de biomasa en zonas estratéxicas e dótase aos axentes da potestade de ditar ordes verbais de execución inmediata *in situ*

O Consello da Xunta analizou na súa reunión de hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o anteproxecto de Lei de loita contra os incendios forestais de Galicia (LLCIF), antes da súa remisión para consulta ao Consello Forestal de Galicia, cuxa reunión está prevista para mañá martes. A futura normativa prioriza reforzar a protección da poboación e a xestión integral do territorio.

O presidente do Goberno autonómico, Alfonso Rueda, lembrou que actual lexislación sobre incendios forestais “ten case 20 anos” e “cómpre actualizada e adaptala aos novos tipos de lumes así como aos avances que houbo tanto na loita como na prevención de incendios”.

Nesta liña, o presidente salientou que se vai pasar “dun modelo de prevención máis ou menos homoxéneo para toda a comunidade a ter en conta medidas segundo o nivel de risco de cada zona ou as características dos terreos”. “A futura lei vai marcar un antes e un despois. Supón camiñar cara unha xestión integral do territorio”, engadiu a conselleira do Medio Rural, María José Gomez, quen explicou que a normativa seguirá o proceso de tramitación habitual, co obxectivo de “remitila o antes posible ante o Parlamento”.

Deste xeito, tal e como explicou Rueda, o anteproxecto introduce melloras substanciais tanto na protección da poboación e os seus bens como na operatividade dos servizos de extinción, pasando dun modelo de defensa reactiva a un de loita integral e xestión estratéxica do territorio. Apóstase por unha prevención baseada no risco, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vulnerabilidade, a estrutura do territorio, a diversificación das masas forestais, a xestión da paisaxe, a autoprotección e a creación de discontinuidades estratéxicas do combustible.

O texto legal incorpora novos conceptos, caso da interface urbano-forestal, que se define como aquel terreo urbano, de núcleo rural ou urbanizable con cuberta vexetal lindeira co monte. Nesta interface, establécese que a aplicación dos criterios para a xestión da biomasa e a retirada de especies será de directa aplicación e non subsidiaria, como así prevé a lei vixente en defecto da ordenanza municipal.

Así mesmo, poténcianse instrumentos como as paisaxes mosaico ou devasas. No primeiro caso, búscase crear discontinuidades estratéxicas de combustible mediante a configuración produtiva do territorio, e no segundo, establecer áreas delimitadas en puntos estratéxicos (corredores, eixes de serra) para frear grandes incendios mediante a implantación de actividades agrogandeiras ou plantación de frondosas autóctonas.

A delimitación das zonas estratéxicas de xestión afrontarase na planificación do sistema de loita contra os incendios forestais de Galicia. En particular, a lei contempla como contido do plan anual de loita contra os incendios forestais unha zonificación do territorio, sinalando as zonas de alto risco de incendio forestal e as zonas estratéxicas de xestión, así como as áreas de actuación singularizada e, de ser o caso, as paisaxes cortalumes. O Mapa de risco de incendios forestais constituirá unha ferramenta que servirá de base para tal planificación.

Distancias de xestión de biomasa

A futura lei recolle tamén a posibilidade de duplicar as distancias de xestión de biomasa en zonas estratéxicas, tanto nas denominadas faixas primarias (de protección de infraestruturas como estradas ou liñas eléctricas) como nas secundarias (núcleos de poboación e edificacións), en lugares onde o comportamento do lume sexa especialmente perigoso.

Así mesmo, cando o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) sexa moi alto ou extremo, establécese a suspensión automática de todas as autorizacións de queima, prohíbese a súa utilización en áreas recreativas e refórzase a revogación automática dos permisos sobre o lanzamento de artefactos pirotécnicos. Tamén, coa mesma situación do IRDI, límitase o uso de maquinaria que xere chispas de 12 a 18 horas, agás que conte cun vixilante dedicado e un vehículo con cando menos 400 litros de auga e equipo de extinción.

Por outra banda, dótase aos axentes da autoridade (forestais, ambientais ou dos corpos e forzas de seguridade do Estado) da potestade de ditar ordes verbais de execución inmediata *in situ*, como o desaloxo de áreas recreativas ou o peche de camiños ante un perigo inminente, sen agardar a trámites administrativos.

Protección de puntos de vixilancia e auga

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra medida novidosa ten que ver coa protección estratéxica de puntos de vixilancia e auga. Así, a rede de puntos de auga declárase infraestrutura de seguridade estratéxica, garantindo o acceso a calquera servizo de emerxencia, obrigando aos concellos a instalar tomas compatibles nas súas redes municipais e prohibindo calquera uso da auga almacenada que non sexa a extinción de incendios. Ao tempo, prohibese calquera construción ou plantación nun radio de 50 metros arredor dos postos de vixilancia.

Tamén no eido preventivo, obrígase ás novas instalacións industriais e gasolineiras en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal a dispor dunha rede perimetral de hidrantes para a súa autoprotección e tomas de auga homologadas. Engádese ao réxime sancionador, como infracción moi grave, a falla desta rede obrigatoria.

No campo da colaboración con outras administracións e entidades, promóvese a cooperación activa de asociacións e comunidades de montes na vixilancia e detección e regúlanse as subvencións en especie aos entes locais, para que poidan adquirir vehículos e equipos. Así mesmo, autorízase a concesión directa de axudas por razóns de interese público, social e humanitario no caso de incendios “extraordinarios”.

Filosofía da nova norma

Tendo en conta estes e outros contidos, a conselleira resaltou que o anteproxecto marca como obxectivos o de “establecer un sistema preventivo vinculado tanto ao territorio como á poboación; fomentar agricultura, gandería extensiva, silvicultura e xestión forestal e potenciar especialmente a autoprotección na interfaz urbano-forestal”.

Deste xeito, pásase do modelo de faixas ao de risco territorial, de tal modo que a prevención deixa de concibirse unicamente como unha rede física de infraestruturas e faixas e pasa a organizarse segundo unha lóxica de risco, vulnerabilidade, comportamento do lume e estrutura territorial. Isto permite que as medidas preventivas poidan ser diferentes segundo o territorio e non exclusivamente uniformes.

Esta nova prevención apóiase en cinco piares. En primeiro lugar, a planificación do risco. O mapa de risco pasa a ter unha función central: debe integrar, entre outros elementos, a distribución de combustibles, frecuencia histórica de incendios, perímetros de lumes anteriores, factores meteorolóxicos e topográficos, comportamento previsible do lume e a vulnerabilidade dos elementos expostos. Ademais, serve de base para determinar zonas de alto risco (ZAR) e zonas estratéxicas de xestión. En segundo termo, a xestión da paisaxe, con figuras coma o mosaico, as paisaxes devasas, a agricultura, a gandería e o pastoreo.

En terceiro lugar, a xestión forestal preventiva, fundamentada na diversificación, a compartimentación, a silvicultura preventiva e as frondosas autóctonas. O cuarto piar sería a protección de persoas e infraestruturas mediante faixas de seguridade, xestión da biomasa, retirada de especies, autoprotección ou hidrantes en novas zonas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

industriais. E, por último, a execución efectiva, con requirimentos, multas coercitivas, execución subsidiaria e actuación urxente.

En resumo e a modo de conclusión, a reforma legal supón unha maior integración entre política de incendios e política forestal e unha maior capacidade de planificación territorial preventiva da Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O MARCO GALEGO PARA O IMPULSO EDUCATIVO, CENTRADO NO REFORZO DA LECTURA E AS MATEMÁTICAS, O APOIO DOCENTE E A MELLORA CONTINUA

- Tras os datos do último informe PISA e, aínda que Galicia se mantén por riba da media española nas áreas avaliadas, “non podemos estar satisfeitos e imos facer todo o que estea nas nosas competencias para reverter esta situación”, indicou Rueda
- O presidente anuncia que, este curso, implantaranse os programas Avanza Lectura e Avanza Matemáticas en Primaria para mellorar estas competencias básicas
- Adianta que, a partir do vindeiro curso, a lectura en Primaria vaise traballar “de xeito transversal en todas as materias, non só nas lingüísticas”
- No curso 2027/28 implantarase unha nova materia obrigatoria de Lectura e Comprensión para 1º e 2º de ESO,
- Consolidarase o apoio aos docentes coa nova Oficina de Atención ao Profesorado e un maior acompañamento aos que estean de prácticas
- Reforzarase a igualdade de oportunidades con novas accións para identificar dificultades de aprendizaxe de xeito temperá ou ‘aulas de acollida’ para apoiar aos alumnos de ESO que se incorporen a un centro co curso xa iniciado
- Crearanse as novas Olimpíadas de Educación Primaria para estimular aos alumnos mediante retos e desafíos adaptados á súa idade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe ao Marco galego para o impulso educativo, un paquete de medidas enfocado á mellora integral e continua do sistema con novas medidas de reforzo centradas nas aprendizaxes clave, como son as competencias de linguas e matemáticas, o apoio ao profesorado no seu labor docente, o impulso da igualdade de oportunidades e os novos retos marcados polo avance tecnolóxico e a intelixencia artificial.

“Vimos de coñecer os datos do último informe PISA e, aínda que Galicia se mantén por riba da media española nas áreas avaliadas, non podemos estar satisfeitos e imos facer todo o que estea nas nosas competencias para reverter esta situación”, indicou Rueda.

Así, desde o Goberno galego preséntase un novo marco de actuación para reforzar cuestións que foron devualuadas coa implantación da actual lei orgánica educativa, a Lomloe: a cultura do esforzo, a autoridade do profesorado ou as competencias básicas en lingua e matemáticas.

Traballo previo de modernización do sistema

Así mesmo, estas novas accións súmanse a un amplo traballo previo de modernización estrutural e programática, establecido nos últimos anos por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que se reflicte en todas as medidas vinculadas ao acordo asinado coa maioría das forzas sindicais (baixada de ratios ou reconfiguración do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

horario docente), a posta en marcha do Plan Mega ou a propia Lei de educación dixital, xa en trámite parlamentario.

Pero a maiores do realizado desde Galicia, e deste novo marco de traballo presentado hoxe, desde a Xunta ponse o acento tamén na responsabilidade a nivel nacional, tanto á hora de modificar os currículos e os sistemas de avaliación establecidos na Lomloe como polo feito de non ter iniciado, con ambición, a necesaria actualización da carreira profesional docente. Así mesmo, e seguindo a propia liña de corresponsabilidade que establece a nova Lei de educación dixital, convídase á reflexión colectiva ás familias para conseguir así un verdadeiro impulso integral no ensino galego.

Impulso á comprensión lectora e ás matemáticas

De xeito concreto, o Marco galego para o impulso educativo inclúe cinco liñas estratéxicas de actuación. A primeira delas céntrase no reforzo das competencias básicas como son ler, escribir e pensar, que se comezarán a desenvolver xa no presente curso escolar. A este reto responde, segundo explicou Rueda, "Avanza Lectura, un novo programa para mellorar as competencias do alumnado en 3º e 4º curso de Primaria".

Trátase dun programa de intervención e acompañamento a aqueles centros que máis o precisen orientado á mellora sistemática da competencia lectora, que combinará reforzo da formación do profesorado, avaliación inicial para detectar as dificultades de comprensión, intervención adaptada a ditas necesidades, recursos didácticos e seguimento os resultados.

Xa de cara ao vindeiro curso 2027/28, Rueda anunciou que se vai actualizar o currículo de Primaria, dentro da pequena marxe de axuste que teñen as comunidades, para reforzar o carácter transversal da competencia lectora dun xeito sistemático nas distintas áreas de coñecemento. "É dicir, para que se traballe a lectura en todas as materias e non só nas lingüísticas", salientou.

No caso de Secundaria, o vindeiro curso establecerase tamén "unha nova materia obrigatoria de Lectura e Comprensión en 1º e 2º de ESO". O currículo estará centrado en estratexias de comprensión, interpretación, análise e valoración crítica da información a partir de textos de diferentes tipoloxías, complexidade e formato e vinculados aos distintos ámbitos de coñecemento.

Tamén dentro do eixe de reforzo das competencias clave, Rueda informou que se implantará este curso o programa Avanza Matemáticas para a etapa de Primaria tamén naqueles centros que máis o precisen. Trátase dunha iniciativa orientada a "fixar conceptos básicos e mellorar a resolución de problemas, o razoamento ou a capacidade de cálculo", indicou.

Dentro deste primeiro eixe estratéxico tamén se insire o novo Programa de reforzo educativo extraescolar para 6º curso de educación primaria, anunciado hai dúas semanas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e dirixido aos alumnos que presenten máis dificultades en lectura e matemáticas, co obxectivo de favorecer a súa progresión académica e facilitar a transición de etapa.

Apoio o profesorado e profesionalización da función directiva

O segundo eixe de actuación do Marco galego para o impulso educativo céntrase no profesorado, reforzando a súa figura como autoridade pública e dotándoo de todas as ferramentas necesarias para exercer con éxito o seu labor profesional. O acompañamento e orientación aos docentes vaise canalizar “a través da Oficina de Apoio ao Profesorado, que entrará proximamente en funcionamento”, indicou Rueda.

En canto ao profesorado en prácticas, vaise reforzar o acompañamento, a mentorización e a avaliación para o novo ingreso. Ademais, aliñado co impulso da aprendizaxe das competencias clave, incorporárase unha formación específica con especial atención á competencia lectora e matemática.

Igualdade de oportunidades

O terceiro eixe de actuación céntrase no impulso da igualdade de oportunidades co obxectivo de que ninguén se quede atrás. Para iso, o presidente salientou que se van poñer en marcha “novas accións de identificación e intervención temperá ante dificultades de aprendizaxe, especialmente nos primeiros cursos de primaria”. Isto, na práctica, permitirá activar intervencións específicas, graduadas segundo as necesidades individuais e, deste xeito, previr a consolidación das dificultades ao longo do resto dos cursos.

Así mesmo, tamén no presente curso escolar, desenvolverase “un proxecto piloto de aulas de acollida na ESO para axudar ao alumnado que chega co curso xa empezado”, explicou. Isto é, un recurso temporal de apoio para o estudantado procedente do estranxeiro que se incorpore á educación secundaria unha vez iniciado o curso e presente dificultades significativas de competencia lingüística ou desfase relevante nas aprendizaxes.

Novos retos: dixitalización e convivencia

O cuarto dos eixes é o impulso ante os novos retos, como a dixitalización e a intelixencia artificial, en que se enmarca a futura Lei de educación dixital de Galicia, un marco propio que ordenará a transformación dixital do sistema educativo galego garantindo un uso pedagóxico equilibrado, seguro e responsable coa tecnoloxía.

Neste apartado incorpórase tamén o reforzo ao respecto, á convivencia e á responsabilidade do alumnado, promovendo unha cultura escolar baseada no valor das normas e na responsabilidade individual e colectiva para garantir un clima adecuado de convivencia e aprendizaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Recoñecemento aos centros e estímulo ao alumnado

O quinto eixe do Marco galego para o impulso educativo céntrase na mellora continua con base en evidencias. Así pois, aliñado co obxectivo de reforzar as competencias básicas alí onde máis se precise, a Consellería de Educación vai impulsar plans de mellora específicos e acordos ás necesidades de cada centro educativo, tal e como se avanzou.

Para iso, partírase dos resultados das avaliacións de diagnóstico que se realizan cada ano en 4º de primaria e 2º de ESO, da análise do contexto en que se inxire o centro e as súas características. A partir de todos estes datos deseñaranse actuacións centradas en cada caso e que poden abranguer cuestións como a mellora das competencias clave, o impulso de novas metodoloxías de aula, a atención á diversidade, a formación do profesorado, ou o fortalecemento do liderado pedagóxico.

Rueda explicou que outras medidas que se poñerán en marcha é a constitución dunha “Rede de centros de referencia de boas prácticas”, que amosen unha evolución positiva nos seus resultados e cuxa experiencia e bo facer poidan servir de referencia para outros. Ao mesmo tempo, recoñecerase o esforzo e a capacidade de mellora dos centros, ao tempo que o coñecemento xerado por eles se converta nun recurso compartido que impulse o progreso do conxunto do sistema.

Así mesmo, e entre outras medidas, “crearase as novas Olimpíadas de Educación Primaria para estimular aos alumnos mediante retos e desafíos adaptados á súa idade”, indicou. O obxectivo é estimular os alumnos, espertar vocacións e favorecer unha cultura escolar que valore o coñecemento e o afán de superación. “En definitiva, seguiremos traballando para reforzar o apoio educativo, especialmente, a aqueles alumnos que máis o precisen para recuperar os niveis anteriores ao último informe PISA”, explicou Rueda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA OS PRETO DE 500 POSTOS DIXITAIS DAS OFICINAS RURAIS PARA ADAPTALOS ÁS NOVAS FORMAS DE TRABALLO

- O novo equipamento facilita ao persoal técnico e administrativo o traballo en mobilidade, o acceso seguro á información e mellora a capacidade de resposta dos servizos que prestan á cidadanía e ao sector primario
- O Consello da Xunta foi informado hoxe da finalización desta actuación, que contou cun investimento de 532.544 euros para as 69 oficinas rurais distribuídas por toda Galicia

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) completou a renovación e evolución do posto dixital nas 69 oficinas rurais da Consellería do Medio Rural. A actuación, da que foi informada hoxe o Consello da Xunta, contou cun investimento de 532.544 euros e permitiu modernizar un total 498 postos de traballo e adaptalos cara a modelos máis flexibles, que permiten compatibilizar o traballo a pé de explotación e o labor en oficina.

Esta adaptación resulta especialmente relevante nas oficinas rurais, onde boa parte do persoal técnico combina o traballo administrativo coa actividade fóra das dependencias públicas. Para dar resposta a estas necesidades, a Amtega deseñou solucións diferenciadas para os tres perfís profesionais que integran a Rede de oficinas rurais: o persoal técnico dos servizos veterinarios, o persoal técnico dos servizos agrarios e o persoal de xestión administrativa.

Os profesionais dos servizos veterinarios e agrarios realizan inspeccións, controis, visitas, tarefas de asesoramento e actuacións de seguimento en explotacións ou noutros puntos do territorio. A nova configuración dos postos permite dar continuidade a estas tarefas tanto desde a oficina como durante o traballo de campo.

En concreto, a actuación inclúe 317 postos móbiles completos para o persoal técnico veterinario e agrario. Estes postos contan con ordenadores portátiles avanzados, con conexión ao posto de sobremesa, pantallas externas, teclado externo intelixente, rato e auriculares con micro. Esta dotación facilita o acceso remoto e seguro ás aplicacións corporativas e á información dos expedientes, evitando que a mobilidade limite a capacidade de actuación dos profesionais.

No caso do persoal técnico agrario, os postos incorporan, ademais, unha segunda pantalla externa, que permite consultar ao mesmo tempo distintas aplicacións, expedientes e información xeográfica ou cartográfica, de uso habitual nas tarefas de análise, tramitación e seguimento que realizan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación completouse coa renovación de 181 postos fixos, destinados principalmente ao persoal que realiza labores de xestión administrativa, tramitación e atención á cidadanía. Os novos equipamentos proporcionan un contorno de traballo actualizado, estable e adaptado ao uso intensivo das ferramentas ofimáticas e das aplicacións corporativas.

Esta iniciativa beneficia a preto de 500 empregados públicos que desenvolven a súa actividade na Rede de Oficinas Rurais e repercute directamente na calidade dos servizos que prestan. A evolución do posto dixital permite aproveitar as posibilidades da tecnoloxía para facilitar o traballo dos empregados públicos, reforzar a atención de proximidade e prestar uns servizos máis eficientes en todo o territorio galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DAS ESTRADAS LU-862 E LU-539, NO NÚCLEO DE VIVEIRO

- Trátase de redeseñar a intersección de circulación rotatoria elíptica e executar unha glorieta circular que mellore a ordenación dos xiros, reduza as velocidades de entrada, optimice o seu funcionamento e mellore a seguridade, cun investimento estimado de case 950.000 euros
- O enclave localízase na costa oeste da ría de Viveiro, en tecido urbano que alberga edificacións residenciais e comerciais, o Pazo da Misericordia e equipamentos educativos e sanitarios
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este mesmo mes de setembro este proxecto a información pública, co obxectivo de aprobar o proxecto de construción e poder licitar as obras o vindeiro ano
- O Goberno galego mantén a súa aposta por intervención que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta acordou hoxe darlle luz verde á aprobación provisional, para a súa próxima información pública, do proxecto para a construción dunha glorieta na intersección das estradas autonómicas LU-862 e LU-539, ao seu paso polo núcleo urbano de Viveiro.

A través desta nova intervención da Xunta de mellora da mobilidade e da seguridade viaria, que se estima que suporá un orzamento que roldará os 950.000 euros, trátase de redeseñar a intersección de circulación rotatoria elíptica e executar unha glorieta circular, que mellore a ordenación dos xiros, reduza as velocidades de entrada e, en definitiva, optimizar o funcionamento e a seguridade do tráfico.

O enclave localízase na costa oeste da ría de Viveiro, en tecido urbano que alberga edificacións residenciais e comerciais, o Pazo da Misericordia (elemento catalogado) e equipamentos educativos e sanitarios.

En concreto, as obras proxectadas supoñen unha mellora e ampliación da rotonda de intersección das estradas autonómicas LU-862 e LU-539, así como a urbanización das catro vías de aproximación á mesa no concello de Viveiro. A actuación, ademais, corrixe a deterioración do firme e as inadecuadas condicións xeométricas do trazado actual, garantindo maior seguridade viaria e capacidade de circulación.

Estas actuacións teñen como fin último mellorar a funcionalidade, visibilidade e seguridade viaria na intersección existente, e conectar e dar continuidade ás beirarrúas e servizos existentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Próximos pasos

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este mesmo mes de setembro este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, por un período de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio.

Nesta intervención, non se prevé a tramitación de ningún expediente de expropiación, dado que as actuacións proxectadas se desenvolven integramente dentro do dominio público das citadas estradas, a rúa Viveiro e do Dominio Público Marítimo-Terrestre ao longo de todo o trazado. Os terreos cuxa ocupación se considera son propiedade de distintas administracións públicas, polo que a execución das obras requirirá a obtención dos correspondentes permisos de ocupación por parte de cada organismo titular.

Unha vez resolta a información pública, procederase á aprobación definitiva do proxecto de construción co obxectivo de licitar as obras no vindeiro ano. O prazo de execución das obras é de 6 meses.

O Goberno galego mantén a súa aposta polas intervencións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda e segura.



Localización da zona de traballo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Imaxe da proposta de planta de actuacións que se van desenvolver

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ACADA OS 105.000 ESCOLARES FORMADOS EN REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR GRAZAS AO PROGRAMA 'RCP NA AULA' DA XUNTA

- A nosa comunidade foi pioneira en España na implantación deste programa, consolidando un modelo de ensino da reanimación cardiopulmonar en horario lectivo ordinario
- O obxectivo é que o alumnado galego remate a ESO sabendo reaccionar fronte a unha parada cardiorrespiratoria
- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación da colaboración entre as consellerías de Educación e de Sanidade, a través do 061, para a formación e habilitación dos docentes como monitores de soporte vital básico e instrutores do alumnado da ESO dentro do horario lectivo
- A Xunta dispón doutras iniciativas neste ámbito, como o programa *Acude e axuda*, e dispón dunha rede de 3.692 desfibriladores externos semiautomáticos distribuídos por toda a comunidade

O programa *RCP na aula* da Xunta xa formou máis de 105.000 escolares en reanimación cardiopulmonar.

Así se desprende do informe que hoxe abordou o Consello da Xunta para a renovación da colaboración entre as consellerías de Sanidade e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para dar continuidade durante os vindeiros catro anos a este programa para a formación e habilitación dos docentes como monitores de soporte vital básico e instrutores do alumnado da ESO dentro do horario lectivo.

O programa *RCP na Aula* iniciou a súa andaina en 2009, en Lugo, como proxecto piloto e estendeuse posteriormente a toda a comunidade en 2016.

Galicia foi a primeira comunidade de España en integrar no ensino a reanimación cardiopulmonar en horario lectivo ordinario e en facer que sexa o propio profesorado quen imparta esta formación en RCP, tras recibir formación e habilitación por parte do persoal do 061.

A Consellería de Sanidade, a través da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, é a encargada de facilitar o material didáctico especializado necesario para desenvolver a formación, entre o que se inclúen manequíns con software de control e desfibriladores externos semiautomáticos de simulación. Pola súa banda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional facilita a impartición do programa nos centros educativos.

O obxectivo é que todo o alumnado galego remate a ESO sabendo recoñecer unha situación de risco vital, alertar o 061 e iniciar as manobras de reanimación ata a chegada dos servizos sanitarios. Desta maneira, o programa busca reforzar os primeiros elos da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cadea de supervivencia e aumentar as posibilidades de recuperación ante unha emerxencia.

A formación do profesorado desenvólvese durante un programa mixto de oito horas cun máximo de oito docentes por cada formación impartida, permitindo aos participantes adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para ensinar posteriormente as técnicas de reanimación ao alumnado.

A importancia da primeira testemuña

Cada minuto que pasa sen iniciar a RCP reduce de forma significativa as posibilidades de supervivencia, polo que é fundamental que a cidadanía dispoña dos coñecementos e ferramentas necesarios para actuar mentres chegan os servizos sanitarios.

Neste ámbito, a Consellería de Sanidade e o 061 desenvolven cada ano diferentes iniciativas para achegar á poboación ferramentas que lle permitan responder ante unha situación de emerxencia. Entre elas está tamén o programa *Acude e Axuda*, que conta cun rexistro de persoas voluntarias formadas en soporte vital básico e no manexo de desfibriladores.

Ademais, a aplicación Sergas Móbil dispón dun rexistro en que están localizados os desfibriladores externos semiautomáticos existentes en Galicia, que actualmente suman un total de 3.692 distribuídos por toda a comunidade. Desta maneira, facilítase a súa localización e favorécese unha resposta máis rápida fronte a unha parada cardiorrespiratoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O CRIBADO POBOACIONAL DO CANCRO DE CÉRVIX ÁS MULLERES DE 30 ANOS E ÁS DE 25 A 29 ANOS QUE NON DISPOÑAN DUNHA PAUTA DE VACINACIÓN AXEITADA

- Rueda salienta que “seguimos impulsando os cribados como mellor xeito de previr enfermidades graves” e apunta que o obxectivo é chegar a “76.000 mulleres máis desde agora, que xa empeza o ofrecemento deste cribado, ata o ano 2030”
- Así, durante os vindeiros anos incorporaranse ao programa un total de 57.946 mulleres que cumprirán 30 anos entre 2026 e 2030, e preto de 18.000 galegas que cumprirán 25 anos no mesmo período e que non foron axeitadamente inmunizadas fronte ao virus do papiloma humano
- Lembra que desde a súa implantación, o Programa galego de detección precoz do cancro de cérvix permitiu diagnosticar 105 cancros, dos cales o 75,7 % se atopaban en estadio I

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, informou hoxe tras o Consello da Xunta, da ampliación do Programa galego de detección precoz de cancro de cérvix, cuxa poboación diana se estenderá a todas mulleres galegas con idades comprendidas entre os 30 e 65 anos. Tamén estenderá este cribado á poboación feminina con idades comprendidas entre os 25 e os 29 anos, no caso de que non dispoñan dunha pauta de vacinación axeitada.

Tal e como salientou Rueda, a Xunta segue “impulsando os cribados como mellor xeito de previr enfermidades graves”, apuntando que o obxectivo é chegar a “76.000 mulleres máis desde agora, que xa empeza o ofrecemento deste cribado, ata o ano 2030”.

O Executivo galego dá así cumprimento á modificación da carteira de servizos comúns acordada polo Sistema Nacional de Saúde para baixar a idade da poboación diana con proba primaria de VPH-AR ata os 30 anos. Ata o de agora o cribado poboacional galego abrangía ás mulleres con idades comprendidas entre os 35 e os 65 anos. Neste senso, a ampliación da poboación diana en Galicia suporá a incorporación gradual dun total de 57.946 mulleres que, entre 2026 e 2030, farán os 30 anos, e tamén de preto de 18.000 galegas que farán 25 anos no mesmo período e non teñen unha pauta vacinal axeitada fronte ao virus do papiloma humano de alto risco.

Sobre este último grupo, cómpre apuntar a consideración de que unha muller está axeitadamente inmunizada se lle foi administrada, alo menos, unha dose da vacina fronte ao virus do papiloma humano antes de facer os 15 anos de idade.

Un circuíto único e o test do VPH como proba primaria

Entre as medidas aprobadas polo Consello da Xunta esta mañá tamén destaca a posta en marcha dun circuíto único e a adopción como proba primaria do test do virus do papiloma humano de alto risco (VPH-AR). Xa que logo, a Xunta convidará á realización

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deste test a todas as mulleres que participen no cribado, independentemente da súa idade.

A diferenza doutras comunidades autónomas, que combinan a realización de citoloxías ou test segundo a súa idade e perfil de vacinación, Galicia aposta por unificar o proceso nun circuito homoxéneo de proba única primaria que abranguerá dos 25 ata os 65 anos, con que se garantirá unha maior precisión e homoxeneidade nos resultados.

Esta decisión atende as recomendacións do Grupo de Traballo da Comisión Europea sobre o cancro de cérvix, ao permitir superar as limitacións das citoloxías tradicionais, cuxos resultados presentaban unha taxa superior ao 28,7 % de falsos negativos en patoloxías invasivas.

Un cribado que detecta o 75 % dos cancros en estadio I

Desde a posta en marcha do Programa de detección precoz de cancro de cérvix, no ano 2019, a Consellería de Sanidade cursou máis de 397.000 invitacións ás mulleres galegas, o que posibilitou a realización de 248.872 probas (participación do 62,55 %).

Durante estes anos, a estratexia galega ten demostrado o seu éxito ao permitir a detección de 105 cancros ata decembro do ano 2025. Nesta liña, cómpre destacar que o 75,7 % destas lesións se atopaban en estadio I, "na fase máis temperá e con máis posibilidades polo tanto de ser atallados", segundo explicou Rueda.

Do mesmo xeito, o cribado de cancro de cérvix posibilitou o tratamento de preto de 3.000 lesións precursoras que se atopaban en diferentes estadios, o que evitou a súa evolución cara a fases invasivas, ao tempo que preservou a saúde reprodutiva das mulleres.

Para levar a cabo a ampliación da poboación diana deste programa, a Xunta realizará un investimento de 51.000 euros, destinado á subministración e envío dos dispositivos de autotoma, así como para as determinacións das análises de laboratorio.

Coa ampliación da poboación diana do Programa de detección precoz de cancro de cérvix, o Goberno galego garante o acceso equitativo ás probas preventivas en toda a comunidade, ao tempo que reduce a mortalidade e morbilidade evitable asociada ao desenvolvemento de carcinomas cervicais invasivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON CASE 4 M€ MELLORAS EN INNOVACIÓN E SOSTIBILIDADE EN 710 COMERCIOS RETALLISTAS E 82 OBRADOIROS DE ARTESANÍA DE GALICIA

- O Consello do Goberno galego analizou un informe sobre a resolución da convocatoria de 2026 destas achegas das cales este ano se incrementan en preto dun 9 % os establecementos beneficiarios en relación a 2025
- Esta medida enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e abarca tres liñas de axudas que introduciron novidades neste 2026 co fin de chegar a máis negocios, algunhas delas relacionadas coa simplificación administrativa
- Das entidades beneficiarias este ano, 324 son da provincia de Pontevedra, 286 da de Coruña, 109 da provincia de Lugo e 73 da de Ourense
- As axudas diríxense á dixitalización do punto de venda, á mellora da imaxe e eficiencia enerxética do local e ao uso de embalaxes sustentables para apoiar o sector na adaptación ás tendencias de consumo

O Goberno galego apoia con case 4 M€ melloras para impulsar a innovación e a sustentabilidade en 710 comercios retallistas e 82 obradoiros artesanais das catro provincias galegas, o que supón un importe global mobilizado de preto de 5 M€. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria deste ano das tres liñas de apoios orientadas á dixitalización e innovación, á modernización e á sustentabilidade ambiental neste ámbito.

A cifra global de establecementos beneficiarios este ano é case un 9 % superior á do 2025, no que obtiveron axuda un total de 728 negocios —664 comerciantes retallistas e 64 obradoiros artesanais— por un importe global de case 3,9 M€. Este incremento concorda coa intención das novidades introducidas na edición deste 2026 destas achegas coa finalidade de chegar a máis negocios. Entre elas que poidan acceder a elas empresas con varias tendas ou accións para a simplificación administrativa e para axilizar a concesión das axudas ao reducir as fases de solicitude e xustificación.

En canto á distribución por provincias das entidades beneficiarias, 324 son da provincia de Pontevedra e 286 da provincia da Coruña, cun valor de axuda superior aos 1,5 M€ en cada caso. Na provincia de Lugo acadan axuda un total de 109 establecementos con máis de 541.000 euros e 73 na de Ourense, cun apoio total de máis de 364.000 euros.

Deste xeito, a finalidade desta convocatoria, enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, é apoiar o sector na adaptación ás tendencias de consumo coa introdución de tecnoloxías que lles permitan conectar coas necesidades do cliente e mellorar a imaxe e os equipamentos dos establecementos. Tamén teñen como fin avanzar no compromiso ambiental e na eficiencia de recursos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, entre as accións apoiadas nesta convocatoria, destacan as memorias para redacción de proxectos de interiorismo, actuacións de mellora de escaparates, as relacionadas coa dixitalización como a implantación ou mantemento de páxinas web e a xestión de redes sociais ou a adquisición de bolsas recicladas.

Accións subvencionables por liña

Nas tres liñas —compatibles entre si— a intensidade da axuda é do 80 % do investimento. En concreto, a liña de dixitalización e innovación comercial inclúe entre as actuacións subvencionables a implantación e mantemento de páxinas web, ferramentas de posicionamento dixital, terminais de autopagamento, xestión de redes sociais ou loxística *e-commerce*, engadindo como novidade este ano as memorias-proxectos de dixitalización. A contía máxima de axuda neste caso é de 15.000 €.

O programa de modernización cobre obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda, incluída a adquisición de mobiliario auxiliar; custos de servizos profesionais para a redacción de proxectos de interiorismo e decoración, así como accións para mellorar a eficiencia enerxética. Tamén a adquisición de maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar relacionado coa actividade comercial e artesanal, incorporando como novidade os aparellos eléctricos de aromatización e fío musical. Neste caso, a axuda máxima é de 16.000 €.

Por último, na liña destinada á sustentabilidade ambiental subvenciónanse as actuacións dirixidas á redución das cantidades de embalaxe mediante a adaptación do seu tamaño á dimensión dos produtos, con investimentos en caixas de cartón ou bolsas de papel 100 % reciclado, recheos para embalaxe, bolsas de tea de algodón, liño ou cáñamos 100 % e, como novidade, en bovinas de papel 100 % reciclado. Nesta liña a axuda máxima é de 2.000 €.

Outros apoios ao comercio

Ademais destes apoios, o Executivo autonómico pon outros a disposición do sector como os destinados á actividade dos centros comerciais abertos e os dirixidos a potenciar os mercados e prazas de abastos e os centros comerciais abertos, entre outros. Tamén impulsa actuacións pioneiras de comercio de atracción, como *Vilas vivas*, e outras consolidadas como o Bono Activa Comercio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA FOLLA DE RUTA PROPIA PARA GARANTIR A SEGURIDADE NOS CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Goberno galego convocará unha xuntanza de coordinación entre as administracións e os corpos de seguridade do Estado
- O itinerario analizado pola Xunta inclúe tamén o establecemento dunha canle estable de información para intercambiar alertas e compartir posibles labores de recoñecemento
- O plan de acción conta con varias liñas estratéxicas que inclúen a avaliación específica de cada peza, a designación dunha persoa responsable de seguridade ou a preparación de fichas policiais de emerxencia
- As recomendacións recollen tamén a creación dunha rede de alerta e resposta museística ou a adaptación da exposición ao nivel de ameaza

A Xunta de Galicia porá en marcha unha folla de ruta propia para garantir a seguridade no Sistema Galego de Centros Museísticos despois dos últimos roubos acontecidos en equipamentos nacionais e internacionais. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, onde se deu conta da estratexia que porá en marcha a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que inclúe a convocatoria de varias xuntanzas, o establecemento dunha canle de información e a posta en marcha de varias liñas estratéxicas co fin de minimizar os riscos.

Deste xeito, tal e como se analizou no Consello, a proposta de recomendacións que se entregará aos responsables da xestión de cada museo está baseada nun principio en cinco grandes liñas de acción que poderían ampliarse. A primeira delas céntrase na necesidade de implantar unha avaliación de risco centrada en cada peza. Para iso, cada museo elaborará un rexistro confidencial de bens prioritarios, complementaria do inventario xeral, seguindo o método recomendado pola rede europea de prevención da delincuencia e o Centro Internacional da Estudos para a Conservación e a Restauración dos Bens Culturais. Esta clasificación terá en conta a súa situación na sala, así como o material, tamaño, mobilidade, facilidade de extracción, demanda comercial ou consecuencias da perda.

A segunda procurará converter a seguridade nun procedemento diario do persoal. Con este fin, os equipamentos deberán contar cunha persoa responsable de seguridade claramente designada e con autoridade para coordinar dirección, conservación, mantemento, vixilancia e empresas externas. Así mesmo, ao abeiro deste protocolo, recoméndase identificar as persoas responsables dos distintos procedementos así como a introdución de controis específicos nos períodos de maior exposición como poden ser as montaxes ou desmontaxes.

A terceira liña estratéxica, pola súa banda, fai referencia á necesidade de preparar as coleccións para facilitar a identificación e recuperación. Neste senso, recoméndase que os bens prioritarios sexan documentados seguindo a norma Object ID que inclúe fotografías, características técnicas e información de datación e procedencia. Ademais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deste inventario, propónse a creación dunha ficha policial de emerxencia no caso das pezas prioritarias para que, no caso de roubo, poida remitirse sen demora ás forzas de seguridade e incorporarse, a través das autoridades competentes, á base internacional de Interpol.

O cuarto punto destas recomendacións baséase na creación dunha rede de alerta e resposta museística. Isto inclúe a creación dun nodo permanente entre museos, policía autonómica, policía nacional e garda civil, con participación dos centros municipais, eclesiásticos e privados que custodien bens especialmente sensibles que permita compartir alertas, tentativas ou posibles labores de recoñecemento.

Por último, procurárase reducir o beneficio criminal e adaptar a exposición ao nivel de ameaza. Para iso, sempre que sexa compatible coa conservación, propónse o emprego de identificadores discretos, etiquetas de radiofrecuencia ou marcadores forenses que permitan detectar a retirada ou acreditar a identidade da peza. Ademais, nos obxectos que poden venderse enteiros, cómpre activar unha vixilancia temperá de poxas, plataformas dixitais e circuítos comerciais, en colaboración coa policía e cos profesionais do mercado.

Coordinación e información compartida

Ademais da divulgación destas recomendacións, a folia de ruta posta en marcha pola Xunta de Galicia inclúe tamén a convocatoria dunha serie de xuntanzas. A primeira, prevista xa para os vindeiros días, é unha reunión de coordinación de seguridade entre a Administración autonómica, a Unidade de policía adscrita a Galicia, e as unidades de Patrimonio dos corpos de seguridade do Estado en Galicia.

Isto complementábase co establecemento dunha canle estable de información e cun novo encontro cos centros do sistema galego de centros museísticos de Galicia para dar conta das medidas propostas polos corpos de seguridade.

Cómpre lembrar que estas medidas se levan a cabo despois de varios fitos acontecidos estes días atrás no que o Executivo autonómico participou en dúas reunións no Ministerio de Cultura co resto de comunidades para analizar as novas circunstancias que caracterizan os actuais roubos nos museos en todo o mundo e do encontro organizado entre o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, e os responsables do Sistema Galego de Centros Museísticos para coñecer de primeira man as súas necesidades e inquiredanzas relativas á seguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,7 M€ A COMPENSAR ATA O 50 % DAS PERDAS DOS MITICULTORES AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN DA COLLEITA DE MOLUSCOS EN 2025

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria destas axudas, cofinanciadas nun 70 % polo FEMPA, destinadas a compensar os peches pola presenza de biotoxinas nas rías

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar sobre a convocatoria de axudas de carácter compensatorio destinadas aos acuicultores que sufriron perdas durante o pasado ano pola suspensión temporal das actividades de recollida de moluscos cultivados pola presenza de biotoxinas nas rías. A orde conta cun orzamento de 2,7 millóns de euros e está cofinanciada nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e nun 30 % pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas achegas teñen como finalidade compensar as perdas ocasionadas pola suspensión da actividade pola proliferación de plancto produtor de toxinas ou pola presenza de plancto con biotoxinas, sempre que esta situación se prolongase durante máis de catro meses consecutivos, e poderán acollerse a estas as empresas acuícolas titulares de establecementos situados neses polígonos.

Segundo o informe elaborado polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), durante 2025 estiveron nesta situación os polígonos Bueu A, Bueu B, Cangas A e Cangas B. En concreto, Bueu A permaneceu pechado desde o 1 de agosto ata o 31 de decembro, mentres que en Bueu B a imposibilidade de extraer moluscos prolongouse desde o 22 de agosto ata finais de ano e nos dous polígonos de Cangas de Morrazo desde o 21 de agosto ata o 31 de decembro.

O importe da axuda poderá acadar, como máximo, o 50 % das perdas producidas nas vendas, sempre que a contía resultante sexa superior a 1.500 euros por persoa beneficiaria, e establécese un límite máximo de 100.000 euros. Para determinar as perdas teranse en conta as vendas realizadas durante o ano 2025 en comparación coas correspondentes aos anos 2022, 2023 e 2024.

Esta será a primeira convocatoria deste tipo de axudas compensatorias ao abeiro do actual FEMPA. O fondo comunitario recolle entre as súas prioridades o impulso dunha acuicultura sustentable e competitiva e permite apoiar medidas destinadas a facer fronte a situacións que afectan, de maneira significativa, a actividade produtiva do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o 22 de setembro. A partir do día seguinte á súa publicación, as persoas interesadas disporán dun mes para presentar as solicitudes, que deberán tramitarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.